

Rochas nas rúas

Xulio Gutiérrez Roger

Unha boa maneira de coñecer a xeoloxía dun lugar é observar as edificacións máis antigas, porque con frecuencia foron realizadas coas rochas autóctonas. Os nosos devanceiros utilizaron, en cada momento histórico, materiais construtivos máis durables —como a rocha— ou máis efémeros —como a madeira— segundo a tecnoloxía dispoñible en cada época e as súas posibilidades económicas. E moi de vagar, tras séculos de aplicar o método de ensaio e erro, foise perfilando unha sabedoría construtiva que habilitou modos e maneiras de facer, fondamente enraizadas nun xeito orixinal de entender a paisaxe construída.

Na comarca do Barbanza, como en case toda Galicia, os máis empregados son: os granitos, rochas magníficas pola súa gran dureza e facilidade para seren traballadas, e as arxilas, material moi plástico e versátil empregado para a fabricación de tellas, e todo tipo de obxectos polos oleiros, sen esquecer os xistos, e as lousas.

Outros pobos, noutros lugares, viviron un proceso paralelo. En Castela construíron con adobe, a humilde mestura de barro e palla; en Canarias, co duro basalto volcánico; no Levante, coa fermosa calcaria; en Cantabria, coa branda areisca. Por suposto que se nos introducimos no continente europeo o fenómeno repítese: en cada lugar constrúese coa rocha autóctona.

Hai incluso un exemplo notable na pequena vila de Nördlingen, en Alemaña, onde ergueron a igrexa e parte dos edificios con rochas vítreas procedentes da caída dun meteorito, e construíron



Praza con tres rochas na avenida da Constitución de Boiro | XULIO GUTIÉRREZ

as murallas —perfectamente circulares— aproveitando o cráter xerado no impacto.

En Galicia utilizamos as dúas rochas máis comúns: nas zonas graníticas, os muros son de granito e as cubertas de tella; nas zonas metamórficas, os muros son de xisto e as cubertas de lousa. Outra cuestión é o tamaño das cantarías: os grandes bloques, ben traballados foron privilexio das clases acomodadas e do clero, mentres que as clases máis humildes utilizaron o dobre muro de perpiaño, constituído por pedras de pequeno tamaño imbricadas e cementadas con barro.

Globalización

Hoxe en día observamos que a construción está dominada por algúns efectos da globalización. Lonxe da práctica da maioría dos países europeos, que tratan de manter a súa identidade na paisaxe. Aquí, vítimas dun eclecticismo ignaro, adoptamos tipos construtivos alóctonos para fa-

cer edificios carentes de personalidade. Unha das consecuencias deste proceso é a utilización, nas cubricións de moitos edificios «modernos» de rochas de importación traídas de todos os recunchos do mundo.

Destacan as grandes lousas de calcarias amarelas, vermellas, brancas e grises que proceden principalmente das canteiras andaluzas, valencianas e murcianas; os travertinos de Castela-A Mancha; os xistos verdes e vermellos procedentes de Sudamérica; as labradoritas negras, verdes e azuladas de Norteamérica e os países Bálticos, e o granito Rapakivi de Finlandia. Nalgunhas destas rochas abundan os fósiles de foraminíferos, braquiópodos, ourizos de mar, e incluso ammonites.

Como non é san mirar todo, sempre, polo lado negativo, podemos aproveitar un paseo por calquera vila para contemplar rochas, interesantísimas desde o punto de vista científico, da outra punta do planeta.



ENSAIO

«A MIRADA IMPASÍBEL. AS PELÍCULAS DE ANDY WARHOL»
Alberte Pagán.
Positivas, Plural.
(Santiago, 2007).
229 páxinas.

Cine de vangarda

Román Arén

Alberto Pagán (O Carballiño, 1965), profesor en Boiro, cineasta e especialista en cine de vangarda, estudoso e tradutor de Joyce, acomete agora a interpretación do cine de Warhol, máis coñecido como artista plástico, pasando revista á primeira etapa do seu cinema, nunha análise formal e non conceptual; é dicir, os filmes como obxectos en si e non como claves semánticas.

Análise dun cine serial, que se abre cun ensaio xeneralista sobre o conxunto do cinema do artista, sobre as súas fases, as súas ascendencias pictóricas, as influencias literarias de Kerouac e Burroughs, sen esquecer o seu estilo. Logo, unha análise detallada de dezaioito dos filmes do artista pop e un listado da súa filmografía.

Warhol comezou como cineasta en 1963, e o volume chega ata 1965, período que Pagán cualifica da *mirada impasible*, fronte ao seguinte que será o da *mirada inqueda*. Galicia vaixe poñendo ao día con estudos coma este, feitos con rigor, mais tamén con afán divulgativo, por un verdadeiro especialista que desfai erros críticos, que atende ao filme como texto e non como pretexto, que resalta os caracteres esenciais dunha filmografía na que destacan o tempo contemplativo ou a duración, o esteticismo minimalista, o serialismo e o estruturalismo. Galicia, pois, mira dende si os atrevementos filmicos da vangarda.

Salvamundo

ANDREA GARCÍA NOAL

Natural de Boiro, ten 15 anos, estuda cuarto de ESO no IES Praia Barraña. Gañou o primeiro premio do certame literario da Asociación de Veciños A Unión, de Cabo de Cruz.

servando a paisaxe: a negrura dos piñeiros e dos carballos mesturábase cos penedos, que, esculpidos polas dedas do vento e da choiva, erguíanse a carón do camiño, estreito e sombrío, semellando antergos vixías do paso da Santa Compañía.

Leda de non estar percorrendo aquela senda na hora en que cantan os reiseñores, deseguida albisquei ao lonxe a casa da miña avoa. Denantes de afrontar os últimos chanzos en dirección á porta principal, bebín un grollo de auga fresca e cristalina que agromaba dunha fonte situada aos pés dunha vella sobreira fura-

da. Xusto naquel intre, comecei a escoitar un murmurio case imperceptible, que pensei que sería consecuencia da miña imaxinación. Sen parar a buscar a orixe do son imaxinario, entrei na casa: recibíame a avoa, tan feliz de verme coma sempre, e xuntas tomamos un pouco leite quente, como soamos facer antes de que meus pais se mudasen á vila.

Unha voz

Despois de falarmos un cañiño de tempo sobre todas as cousas do mundo, saín ao xardín, e sentei nun pequeno banco de madeira que ficaba pousado a carón dun castiñeiro. Foi daquela cando oín nidiá unha voz grave que me dicía:

—Ei, ti, ¿que fas aí? ¡Non sentes no meu Carmelo! ¡Anda! Ergue o teu cu del se non queres saber o que é unha boa peiteirada!

Pensei que me estaba voltando tola, miraba para un lado e para o outro e só vía un corvo.

—¿Quen me fala? ¡Que dis! —Son eu, Salvamundo. ¿E ti? ¿Como me podes escoitar?

Eu non sabía qué dicir, estaba falando un corvo! De súpeto, o corvo sentou ao meu carón. Dirixíuse a min de novo, e eu podía escoitar o que me dicía:

—Isto é increíble, iestás falándome!

—É verdadeiramente increíble; ies a primeira persoa que me escoita! ¿Como te chamas?

Eu seguía sen dar creto, e case non podía responder; pero o corvo preguntoume:

—A ver... ¿Falas... ou non falas? Se non conversas ti comigo, fágoo eu contigo, xa que es a primeira persoa que me escoita. ¡Vasme escoitar con ganas! O meu nome é Salvamundo. Como ben di a palabra, dedícome a intentar salvar a natureza.

Eu permanecía en silencio e perplexa mirando a cara daquel negro plumado. Non sabía sequera se debía facer ou dicir algo, e o corvo continuou

falándome:

—Vós sodes os que estades estragándoo todo, inon sabedes o mal que nos estades facendo! Nós non imos ás vosas casas destruír canto posuídes. Este verán volvestes queimar milleiros e milleiros de árbores; moitas delas eran amigas miñas. Entre furtivos, pirómanos, madeiristas, construtores... o que ocorreu nas fragas foi unha desfeita, un mal irremediable. Agora só está nas vosas mans procurar que non se repita. ¡A ver oh! ¿Como te chamas? Sei que me escoitas.

—Chámome Andrea. Eu non son ningunha pirómana nin cazadora furtiva; a min dáme mágoa todo canto lle fixemos á natureza.

—Sí, xa se ve: a madeira sobre a que estás sentada era unha árbore amiga miña, chamábase Carmelo. Tiña familia. Este verán a súa familia tamén morreu: chamuscáronse nun incendio que o ennegrecceu todo, dende as montañas ao mar. Durante moito tempo,

pediron auxilio, pero eu gritaba e ninguén era quen de oírme. A partir de entón, todas as tardes, vente, nevisque, faga sol ou chova, veño visitar o meu amigo Carmelo.

Bágoas

Toda a afouteza daquel corvo falador semellou esvaeerse de súpeto ao lembrar a morte de Carmelo, pois decontado comezaron a caerlle dous fios de bágoas dos ollos, ata bicaren o chan. Axiña se formou alí mesmo un pequeno manancial de auga tan pura e cristalina coma do que bebera antes de entrar na casa da avoa. Cando erguín a vista do milagre da nacente fonte para dirixirme ao corvo, non atopei o negro plumado por ningures, e nunca máis puiden conversar nin con este nin con outro corvo. Pero dende aquel xa distante serán de inverno, nin sequera nos días máis abafantes do verán deixará de fluír a auga do manancial que agromou das bágoas de Salvamundo.